

## PEZA DO MES

febreiro

2009



**BOTÓN DA URDIÑEIRA**

## BOTÓN DA URDIÑEIRA

Nº inventario: 709

Doazón de Cándido Cid (1921)

Diámetro 45 mm x h. 8 mm x altura bisel-rebordo 3,5-4 mm

Peso: 42,03 g.

Posiblemente fundido á cera perdida

Nos anos vinte, unha pegureira de Parada da Serra (A Gudiña, Ourense), foi coas vacas ate un pradiño coñecido como A Ribeira. Era case unha nena e tiña pouco tempo para xogar. Remexendo na area cun pao, alí xunto a un grande freixo, onde o reguiño do Trabazón botaba as augas ao río de Parada, foi topar cun tesouro: dous brazaletes de ouro e un botón metálico. Levou aquelas cousas á súa irmá maior para que lle preguntara ao párroco de Parada que facer con elas. Este ben o sabía. Levounas a Ourense e vendeunas a un dignitario por cento cincuenta duros, unha fortuna da época.



VISTA DA SERRA DA URDIÑEIRA. AO FONDO AS FRAGAS, COA COVA DAS CHOIAS. NO CENTRO, O TRABAZÓN. E ABAIXO A ZONA DA RIBEIRA

botón como os brazaletes poden considerarse dentro da categoría social dos bens de prestixio, obxectos de alto status. Poderían ser ítems persoais no caso de tratarse dun hipotético enxoval funerario, ou mesmo dun acubillo ritual nun punto ben sinalado da paisaxe. Pero tamén, no momento da súa deposición, poderían ser simples mercadorías. En todo caso, estes son obxectos suntuarios, propios da cultura material das elites en toda Europa por volta do primeiro milenio. Iso o sabemos pola tecnoloxía de elaboración dos brazaletes, fundidos mediante a técnica da cera perdida combinada co uso do torno rotativo (as acanaladuras estaban xa feitas nos modelos en cera) e decorados por cicelado. A investigadora alemana B. Armbruster que os estudou persoalmente nos anos noventa, púxoos en relación, xunto cos brazaletes de Melide, cun tipo de ourivería que aparece na fachada atlántica europea no Bronce Final, chamada tipo Villena/Estremoz. Non son os únicos brazaletes da rexión inseribles neste ámbito. Tamén están os de Toén ou Ourense, o do Alto da Pedisqueira en Chaves, ou o do Monte da Saia en Braga. Outros, como os de Arnozela, estarían feitos a partir de lingotes anulares mediante martelado e pode-



VISTA DE PARADA DA SERRA

Os integrantes da *Comisión de Monumentos de Ourense* non tiñan daquela fondos de abondo, para mercalo, así que o coleccionista santiagués Ricardo Blanco Cicerón quedou co ouro e deixou quedar o botón en Ourense. Así foi separado e marchou o tesouro, miles de anos despois de ser deixado na Urdiñeira. A nena morreu pouco tempo despois. Ninguén no pobo sabe que foi daquelo: “...Levaríanas para un museo en Lugo...” evoca alguén para quen o museo xa é case tan mítico coma o tesouro. Unha historia paradigmática de certos procedementos da arqueoloxía ao longo do século XX.

Distintos eruditos apuntaron a súa oportuna suxestión cronolóxica e cultural baseada nas semellanzas con outras pezas de diferentes contextos da Prehistoria Europea, especialmente da Idade do Bronce. Tanto o

rían ser máis antigos. Pola contra, o brazalete de Lebução (Vila Real) é para Armbruster unha estraña mostra de estes elementos de ourivería “arcaica” xa nos inicios da Idade do Ferro. En todo caso son ítems moi elaborados que requiren unha manufactura especializada, e que poderían intercambiarse como dons entre xefes ou entre xefes e vasalos. Poderían ser de produción local ou máis probablemente importados dun contexto cultural foráneo, o que podería revelar importante información sobre as alianzas políticas locais e/ou rexionais. Tamén podería falar da circulación de persoas. En todo caso, a súa integración no contexto local conta unha historia de transferencia non só de obxectos, senón tamén de tecnoloxía e de valores rituais e sociais. Unha artesanía dedicada á creación das identidades e á construción do poder entre a fin da Idade do Bronce e os inicios da Idade do Ferro.



BRAZALETES DA URDIÑEIRA (FOTO DE B. ARMBRUSTER)

A presenza de obxectos deste carisma aos pés dunha serra interior do noroeste peninsular, só pode ter que ver, dende o noso punto de vista, co xurdimento de elites neste eido xeográfico, moi relacionadas co control do tránsito entre o litoral e a meseta, tanto de materiais, de gando ou de bens. Esta interpretación é coherente co feito de que a Urdeñeira se atope nas proximidades do cruce de importantes rutas que conducen de oeste a este, cara á meseta, e rutas que conducen no eixo norte sur, en relación coa dirección dos vales fluviais. Tamén é coherente co feito de aparecer neste camiños unha cultura material característica como son as estatuas menhir como a pouco coñecida do Tameirón (A Gudiña), a de Faiões ou a de Chaves, adscribíbles tamén ao Bronce Final. Pero é que o conxunto da Urdeñeira non so fala de relacións a curtas distancias, senón de amplas relacións.

Non podemos moito máis que especular sobre o uso e o significado do botón ou pendeloque, como lle chama Cuevillas, quen sinalou nun magnífico traballo a súa posible interpretación como un disco solar, absolutamente coherente con mostras de metalurxia suntuaria de toda Europa neste intre. O interesante é saber se estamos a falar dunha semellanza de forma, ou dunha semellanza de significado de grande complexidade, que podería suxerir a transmisión dunhas crenzas e a evidencia dunha conexión a longa distancia. A comparación desta peza con botóns de ouro ou acibeche levou ao propio Cuevillas a montar un embrollo describindo a peza posteriormente como *"...de materia pétreo ou vítrea..."*. É metálico e de base cobre. Que quede claro.

¿Podería ter que ver co símbolo solar? ¿Representa esta peza a adopción de emblemas e significados das sociedades do Bronce de Europa por parte das elites locais da prehistoria do noroeste peninsular? ¿Viñan os bens de prestixio acompañados dunha nova linguaxe baseada en sistemas de valores foráneos vinculados ao poder e ás cosmoloxías relixiosas? Xa é moito preguntar. O que sabemos é que se trata dun obxecto único, singular, polo que catalogar o botón da Urdeñeira como *"peza do mes"* é case unha afronta á súa esencia. ¡Máis ben debería estar entre as "pezas do milenio"! Pero xa se sabe como somos os arqueólogos no noso afán de seccionar e



REVERSO DO BOTÓN

meter en caixiñas todos os saberes. Funciona como ter a casa ordenada. Danos saúde mental.

E así remata este escrito sobre un tesouro *"recuperado"* pola arqueoloxía hai case noventa anos. Unha historia que dá que pensar. ¿Quen topou con quen? ¿A pegureira co tesouro? ¿Ou o tesouro coa pegureira? ¿O presente co pasado? ¿Ou o pasado co presente?

Na serra agora quedan as historias do carbón de torgos da Emilia, as do foxos dos lobos, as lendas da Urdeñeira e da Cova das Choias *feita polos mouros*, ou as da orixe mítica das fragas, *creadas polo impacto dun meteorito* segundo o Sr. Xaquín. E sobre todo, alí están aínda as claves para comprender o que hoxe está pechado nunha vitrina. Por iso, nós somos da idea de propiciar e promover a realización dun pequeno proxecto a distintos niveis que nos permita recuperar para este tesouro o contexto que perdeu. E nesas andamos.


*Perdido nas páxinas da prensa da época atopamos o nome de Xosefa Gago Fernández, unha pegureira da Parada da Serra. A ela e a todas a xentes da Urdeñeira vai dedicado este escrito.*



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na nosa páxina web:

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

**O horario de visita é o seguinte:**

martes a sábado: 9,30 a 14,30h

16,00 a 21,00h

domingo: 9,30 a 14,30h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

**Horario de atención ao público:** de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Beatriz Comendador Rey.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río, Beatriz Comendador.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: Eidograf.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE